



Concello de Vigo

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O 13 DE AOUTUBRO DO 2015

Sendo as 11.30 horas do 13 de outubro de 2015, constitúese a Mesa xeral de Negociación previamente convocada ao efecto, reuníndose na sala de reunións anexa ao Pleno, ao obxecto de tratar o punto único da orde do día, consistente na negociación do Capítulo I dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2016.

Constitúese validamente a Mesa coa asistencia dos seguintes membros:

D. Javier Pardo Espiñeira, Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal.

D. Dámaso Pena González, Presidente do Comité de Persoal, e Santiago Martínez Pardo, en representación de SICO.

D. Conchi Cousiño Sendín e Modesto Vázquez , en representación de CC.OO.

D. Pergentino Martínez Pampillón, en representación de UGT.

D. José Alonso Leirós e Fernando Solveira, en representación da CIG.

Asisten igualmente o Xefa de Servizo de Recursos Humanos, María Dapena Gómez, o Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, Ezequiel Fernández Carpintero, e D. Manuel Bueno Heredia .

Actúa como secretario o Secretario de Administración, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2015.

En primeiro lugar o D. Javier Pardo da conta do documento denominado Anteproxecto Capítulo 1 do orzamento de gastos para o ano 2016, que se incorpora como anexo a esta acta.

A continuación Javier Pardo di que hai propostas de UGT e da CIG, pero non do resto de representantes sindicais, cando debería haber un documento único do comité de empresa.

Santiago Martínez Pardo di que sempre hai unha primeira reunión e despois se fai a proposta conxunta de os representantes sindicais.

O representante da CIG, José Alonso manifesta que quere que conste que quen debe negociar son os sindicatos, non o comité, pero que sempre se fixo cun documento conxunto.

A Xefa de Servizo de Recursos Humanos e o Técnico de Organización e Planificación , que din que a maioría das peticións que se recibiron dos sindicatos, e o se refiren a cuestións referentes a complementos específicos, cousa que non é competencia orzamentaria do Pleno senón de IRPT, explica algunhas das cuestións mais relevantes do documento presentado, tales como o límite do 1% imposto por Lei, a fondo de adecuación retributiva (que se mellora de 3000 a 170.000), as melloras para xubilación anticipada e vixilancia na saúde, a vinculación entre partidas e a paga extra.

**ANTEPROXECTO CAPÍTULO I DO ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2016
REALIZADO O DÍA 05 DE OUTUBRO DE 2015, DE CONFORMIDADE COAS
INSTRUCCIÓNS RECIBIDAS POLO CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN
MUNICIPAL**

PART.	CONCEPTO	IMPORTE	TOTAIS
1	RETRIBUCIÓNS PERSOAL		
	Soldo Funcionarios (1)	10.872.510,06	
	Antigüidade	2.412.278,86	
	Retribucións complementarias (1)	21.367.577,70	
	Retribucións persoal laboral (1)	9.526.039,68	
	Gráo persoal	0,00	
	Persoal eventual	490.636,02	
	Productividade	400.000,00	
	Gratificacións	500.000,00	
	SUBTOTAL		46.669.042,32 €
2	SEGUROS SOCIAIS		
	Seguridade Social cargo Empresa	13.141.724,51	
	Seguridade Social Organos de Goberno	166.818,75	
	SUBTOTAL (6)		13.310.543,26 €
3	COMPLEMENTO DE PENSIÓNS		
	Complemento de pensións por xubilacións	5.469,44	
	SUBTOTAL		5.469,44 €
4	ABONO INCAPAC. TEMP. DURACIÓN TRAM. INVALIDEZ		
	abono incapac. Temp. Duración tram. Invalidez	1.000,00	
	SUBTOTAL		1.000,00 €
5	RETRIBUCIÓNS MEMBROS CORPORACIÓN		
	Membros corporación dedicación exclusiva	975.763,68	
	Membros corporación dedicación parcial	112.464,00	
	SUBTOTAL		1.088.227,68 €
6	FOMENTO DO EMPREGO		
	Reserva para xubilación anticipada	21.750,00	
	Outras mod. Nomeamento persoal temp. non permanente	294.663,61	
	Plan de emprego (incluído custe seguridade social a cargo Empresa)	1.500.000,00	
	SUBTOTAL		1.816.433,61 €
7	FONDO SOCIAL (ART. 30 Acordo Regulador)	331.506,05	
	SUBTOTAL		331.506,06 €
8	PLAN DE PENSIÓNS (Disp. Transitoria 6ª acordo regulador) (7)	553.115,76	
	SUBTOTAL		553.115,76 €
9	FORMACIÓN DO PERSOAL		
	Formación do persoal municipal	37.510,36	
	SUBTOTAL		37.510,36 €
10	SEGURO COLECTIVO VIDA E ACCIDENTES	163.000,00	
	SUBTOTAL		163.000,00 €
11	ART. 34 ACORDO REGULADOR (Fins culturais/deportivos)	6.010,12	
	SUBTOTAL		6.010,12 €
12	ART. 35 E 37 ACORDO REGULADOR (Cobertura continxencias especiais)		
	Asistencia médico sanitaria no estranxeiro	601,01	
	Seguro accidentes vehículos municipais	1.603,04	
	Seguro carnet conducir conductores	1.095,96	
	SUBTOTAL		3.600,01 €
13	INDEMNIZACIÓNS POR SENTENCIAS XUDICIAIS OU RESOLUCIÓNS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS		
	Persoal funcionario, laboral e eventual	50.000,00	
	SUBTOTAL		50.000,00 €
14	ASISTENCIA MÉDICA PERSOAL		
	Vixancia saúde (P.R.L.)	155.261,06	
	Asistencia médica "mergullo" Servicio Extinción de Incendios	1.654,00	
	SUBTOTAL		167.135,06 €
15	FONDO REGULARIZACION RETRIBUCIONES		
	Fondo adecuación retributiva 2016	170.000,00	
	SUBTOTAL		170.000,00 €
16	OUTROS CONCEPTOS ESCOLA DE ARTES E OFICIOS		
	Adecuación Postos Traballo EMAO	21.207,37	
	Outras remuneracións EMAO	279.717,99	
	Retribucións básicas interno s plaza EMAO	26.105,02	
	Retribucións compl. Complemento destino int s plaza EMAO	16.143,38	
	Retribucións compl. Complemento específico int s plaza EMAO	21.309,36	
	Póliza seguro vida EMAO	1.211,00	
	Formación e perfeccionamento persoal EMAO	1.500,00	
	SUBTOTAL		367.194,12 €
17	OUTROS CONCEPTOS VIGO-ZOO		
	Recargo festividade VIGO ZOO	19.000,00	
	Outras remuneracións VIGO ZOO	4.000,00	
	Formación e perfeccionamento persoal VIGO ZOO	3.000,00	
	Póliza seguro vida VIGO ZOO	4.950,00	
	SUBTOTAL		30.950,00 €
18	OUTROS CONCEPTOS IMD		
	Horas extraordinarias IMD	1.000,00	
	Festividade e nocturnidade IMD	50.000,00	
	Productividade e gratificacións IMD	35.000,00	
	Persoal laboral indefinido IMD	239.000,00	
	Persoal laboral temporal retribucións IMD	50.000,00	
	Formación e perfeccionamento persoal IMD	12.000,00	
	Póliza seguro vida IMD	8.000,00	
	SUBTOTAL		395.000,00 €
	TOTAL		64.056.638,16 €



Dámaso Peña González di que convocará unha reunión do Comité para mañá as nove e se intentará facer un documento unitario coma sempre, que se presentará polo Rexistro.

Concello de Vigo

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión, sendo as 11.15 horas, do día e data sinalado no encabezamento.

O Concelleiro Delegado da Área

Javier Pardo Espiñeira

O Secretario de Administración municipal.

Manuel Xosé Lorenzo Penela.



Concello de Vigo

RESOLUCIÓN

En 1885 a Sociedade de Socorros Mutuos La Cooperativa organizaba en Vigo unha Escola de Artes y Oficios, baixo a tutela municipal, adicada á elevación do nivel cultural e profesional dos cidadás de Vigo, con posterioridade, froito do legado de García Barbón de 25.03.1905, a Escola adquire maior protagonismo ao localizarse na súa emblemática situación actual. O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión de data 30.09.1982, acordou a aprobación dos Estatutos dunha Fundación Pública de Servizos denominada "Padroado da Universidade Popular de Vigo", con personalidade xurídica propia e autonomía financeira e funcional co obxectivo, entre outros, de garantir a adecuación dos fins e actividades da Universidade Popular ós presupostos do legado de García Barbón e constituír un centro alternativo, creativo e activo de educación e cultura popular permanente. Mediante acordo do Pleno de data 24.03.2003 a Universidade Popular recuperou a súa anterior denominación de "**Escola Municipal de Artes e Oficios**", no mesmo acordo aprobáronse os Estatutos hoxe vixentes que cualifican á Escola como Organismo Autónomo municipal.

En data de 26.02.1970 o Pleno do Concello creou a "Fundación Pública Municipal Parque Zoológico da Madroa", os seus Estatutos foron aprobados en sesión de data 28.01.1972; en sesión de data 30.05.1984 o mesmo órgano aprobou novos Estatutos derogando os anteriores así como o Regulamento de Réxime Interior do zoo; mediante acordo de data 23.02.1990 pasou a denominarse "Organismo Autónomo Municipal Vigo-Zoo", clasificándose como "de carácter administrativo"; a súa denominación actual, en virtude de acordo de data 28.04.2003, é a de "**Parque das Ciencias Vigo-Zoo**". Os seus fins, entre outros, segundo sinala o artigo 5 dos Estatutos, son "O fomento e protección das especies animais, con preferencia da fauna ibérica e dentro da galega, particularmente daquelas especies en perigo de extinción" e "A atracción de turismo á cidade".

En data de 20.05.1991 (28.11.1991) o Pleno do Concello, coa finalidade de dotar de maior axilidade á xestión e administración das instalacións deportivas municipais, acordou a creación do "**Instituto Municipal dos Deportes de Vigo**", organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de patrimonio especial, personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, estes -artigo 3 dos Estatutos- se fundamentan tanto na xestión, administración e mantemento das instalacións deportivas públicas da Cidade, como na promoción e desenvolvemento da actividade físico-deportiva.

Satisfacer as necesidades e demandas cidadás co nivel de calidade que nestes momentos a sociedade demanda é un compromiso dos poderes públicos, por iso, a adecuada e eficaz prestación de determinados servizos públicos cuxa xestión corresponde á Administración Municipal de Vigo require dun novo enfoque organizativo e funcional.

Moitos dos organismos autónomos das Administracións municipais, teñen mostrado rixideces e insuficiencias que non responden á idea da autonomía ou flexibilidade na xestión coa que no seu momento foron creados o que lles converte en entes que, na súa planificación e nos seus obxectivos, pouco se diferencian do Concello que os tutela na súa condición de ente matriz; por outra banda o feito de que no réxime xurídico local non exista unha fórmula xestora e organizativa que equilibre de modo axeitado os principios de autonomía, operatividade, control, avaliación e responsabilización por resultados recomenda que hoxe, tendo en consideración o marco de crise económica, sexa conveniente que Administración municipal de Vigo, naqueles organismos autónomos que non respondan a unha determinada especialización, reduza o seu dimensionamento co obxectivo de procurar -sen diminución nos resultados e en apoio nunha economía de escalas que evite duplicidades- a minoración dos custes de xestión, en definitiva, a racionalización e eficiencia dos recursos.

No escenario exposto o Pleno do Concello de Vigo en sesións do 2 de maio e 13 de xuño de 2014, aprobou inicial e definitivamente o orzamento para o ano 2014, na formación das vontades dos grupos municipais que aprobaron o documento incardinábase a de iniciar os estudos para a integración dos organismos autónomos mencionados no Concello de Vigo, en definitiva, a extinción dos mesmos; a tal efecto, a Alcaldía mediante Resolución de data 2.07.2014, acordou iniciar expediente para a disolución dos organismos autónomos mencionados; nomeou ao concelleiro Delegado de Xestión Municipal coordinador das actuacións materiais necesarias para levar a cabo a transferencia da xestión; finalmente, na mesma Resolución se nomeaba un grupo de traballo para a formación do expediente.

De conformidade co exposto, ao amparo do sinalado no artigo 124.4.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do sinalado na Resolución da Alcaldía de data 2.07.2014, resolvo:

PRIMEIRO: Continuar a tramitación do expediente para a extinción dos seguintes organismos autónomos municipais:



Concello de Vigo

- Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Parque das Ciencias Vigo-Zoo.
- Instituto Municipal dos Deportes de Vigo.

SEGUNDO: Designar ao secretario xeral do Pleno funcionario responsable na tramitación, impulso e instrución do expediente debendo a tal efecto elaborar proposta de acordo ao Pleno do Concello e emitir informe xurídico sinalando a lexislación aplicable e o procedemento a seguir. A proposta será conformada por cada un dos concelleiros delegados responsables dos OO.AA. citados.

TERCEIRO: Dar traslado da presente Resolución ós concelleiros delegados das seguintes áreas: Educación (Escola de Artes e Oficios); Medio Ambiente e Vida Saudable (Parque das Ciencias Vigo-Zoo) e Deportes (Instituto Municipal dos Deportes); ós secretarios dos Consellos Reitores dos organismos citados; á Intervención Xeral e o secretario xeral do Pleno.
JRB

Vigo, 1 de outubro de 2015

O concelleiro delegado de Xestión Municipal

Francisco Javier Pardo Espiñeira

Ante min,



secretario xeral do Pleno

José Riesgo Boluda

CADRO DE PERSOAL PRESUPOSTARIO E RELACION DE POSTOS DE TRABALLO PARA O EXERCICIO DE 2016

CORPORACION: CONCELLO DE VIGO

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

(1) ART. 25 DA LEI 30/84, DE 2 DE AGOSTO.

(2) ART. 158 E SEGUINTE DO R.D. LEXISLATIVO 781/86, DE 18 DE ABRIL.

DENOMINACION DA PRAZA	NUMERO PRAZAS	GRUPO (1)	ESCALA (2)	SUBESCALA (2)	CLASE (2)	CATEGORÍA (2)
SECRETARIO/A XERAL PLENO CORPORACION	1	A1	HABILITACION NACIONAL	SECRETARIA	PRIMEIRA	SUPERIOR
SECRETARIO/A DO GOBERNO LOCAL	1	A1	HABILITACION NACIONAL	SECRETARIA	PRIMEIRA	SUPERIOR
SECRETARIO/A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL	1	A1	HABILITACION NACIONAL	SECRETARIA	PRIMEIRA	SUPERIOR
INTERVENTOR/A XERAL	1	A1	HABILITACION NACIONAL	INTERVENCION-TESOURERIA	PRIMEIRA	SUPERIOR
INTERVENTOR/A ADXUNTO/A	1	A1	HABILITACION NACIONAL	INTERVENCIÓN-TESOURERIA	PRIMEIRA	SUPERIOR
VICEINTERVENTOR-A ADXUNTO/A	1	A1	HABILITACION NACIONAL	INTERVENCIÓN-TESOURERIA	PRIMEIRA	SUPERIOR
TESOUREIRO/A	1	A1	HABILITACION NACIONAL	INTERVENCION-TESOURERIA		
TITULAR ASESORIA XURIDICA	1	A1	ORGANO DIRECTIVO LEI 57/2003			
PRESIDENTE/A ORGANO RECLAMACIONES ECO-ADMATIVA	1	A1	ORGANO INSTITUCIONAL LEI 57/2003			
SECRETARIO/A ORGANO RECLAMACIONES ECO-ADMATIVA	1	A1	ORGANO INSTITUCIONAL LEI 57/2003			
VOCAL ORGANO RECLAMACIONES ECO-ADMTTVAS	1	A1	ORGANO INSTITUCIONAL LEI 57/2003			
TECNICO/A DE ADMINISTRACION XERAL (R.XURID)	27	A1	ADMINISTRACION XERAL	TECNICA		SUPERIOR
TECNICO/A DE ADMINISTRACION XERAL (R.ECONOMIC)	5	A1	ADMINISTRACION XERAL	TECNICA		SUPERIOR
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACION XERAL	105	C1	ADMINISTRACION XERAL	ADMINISTRATIVA		
AUXILIAR ADMINISTRACION XERAL	87	C2	ADMINISTRACION XERAL	AUXILIAR		
SUBALTERNO/A	29	E	ADMINISTRACION XERAL	SUBALTERNA		
LICENCIADO/A EN DEREITO	2	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
ARQUITECTO/A	5	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL	4	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS	3	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
ENXEÑEIRO/A DE MONTES	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
TECNICO/A SUPERIOR/A ARQUIVOS	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
TECNICO/A SUPERIOR/A BIBLIOTECAS	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
PSICOLOGO/A	4	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
ARQUEOLOGO/A	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
MEDICO/A	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
ANALISTA DE LABORATORIO	6	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
ECONOMISTA	5	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
TECNICO/A EN ACTIVIDADES SOCIAIS	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		SUPERIOR
TECNICO/A DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURISTICAS	2	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA
ARQUITECTO/A TECNICO/A-APARELLADOR/A	9	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL	31	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA
AXUDANTE TECNICO/A SANITARIO/A	1	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA
ENXEÑEIRO/A TECNICO/A INDUSTRIAL	5	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA
ENXEÑEIRO/A TECNICO/A OBRAS PUBLICAS	3	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A MONTES	1	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA
TOPOGRAFO/A	2	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA
TECNICO/A MEDIO/A LABORATORIO	1	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA
TECNICO/A MEDIO/A BIBLIOTECAS	1	B	ADMINISTRACION ESPECIAL	TECNICA		MEDIA



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/10/2015 12:47

Páxina 1 de 4

Expediente 26872/220

Código de verificación: 2CEE3-5E52C-48B55-D2AB8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

DENOMINACION DA PRAZA	NUMERO PRAZAS	GRUPO (1)	ESCALA (2)	SUBESCALA (2)	CLASE (2)	CATEGORÍA (2)
TECNICO/A MEDIO/A ARQUIVOS	1	B	ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA			MEDIA
TECNICO/A AUXILIAR DE BIBLIOTECAS	2	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA		AUXILIAR	
DELINEANTE	20	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA		AUXILIAR	
TECNICO/A AUXILIAR LABORATORIO	1	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA		AUXILIAR	
AUXILIAR DE LABORATORIO	3	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA		AUXILIAR	
AUXILIAR PSIQUIATRICO/A	1	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL TECNICA		AUXILIAR	
TECNICO/A DE SISTEMAS	5	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A ESPECIALISTA EN ACTIVIDADES CULTURALS E EDUCATIVAS	8	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A NORMALIZACION LINGUISTICA	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
XERENTE/A	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A SUPERIOR FORMACION E EMPREGO	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
LIC.BIOLOXIA-TECNICO/A SUP. MEDIO AMBIENTE	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A PREVENION RISCOS LABORAIS	2	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A DE XESTION	12	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A RELACIÓNS LABORAIS	1	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A MEDIO/A SERVICIOS ECONOMICOS	8	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A RELACIONS PUBLICAS	4	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A ORGANIZACION E XESTION DE RECURSOS HUMANOS	1	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A MEDIO/A SISTEMAS	1	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
ANALISTA INFORMATICA	1	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A MEDIO/A ACTIVIDADES CULTURALS E EDUCATIVAS	5	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A MEDIO/A IGUALDADE	1	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
PROGRAMADOR/A INFORMATICA	7	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
AXUDANTE TECNICO/A ELECTROMECANICOS	1	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
OPERADOR/A TECNICO/A MANTENIMENTO INFORMATICA	1	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
TECNICO/A AUXILIAR SEGURIDADE	3	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
INSPECTOR/A OBRAS, SERVICIOS E INFRAESTRUCTUR.	8	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
INSPECTOR/A SANIDADE	1	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
INSPECTOR/A CONTROL CONCESIONARIAS	3	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
INSPECTOR/A SEGURIDADE E MOBILIDADE	1	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
INSPECTOR/A CONSUMO	2	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
INSPECTOR/A MEDIO AMBIENTE	3	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
ENCARGADO/A OBRAS MEDIOAMBIENTAIS	1	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
OFICIAL CONSERXE (A EXTINGUIR)	3	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
OPERADOR/A INFORMATICA	2	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
INSPECTOR/A AUXILIAR URBANISMO	1	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
INSPECTOR/A AUXILIAR OBRAS, SERV. E INNFR.	1	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
INSPECTOR/A AUXILIAR MEDIO AMBIENTE	1	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
MONITOR/A TALLER MANUALIDADES	1	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
MONITOR/A EDUCACION FISICA	1	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS	10	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
ALGUACIL	7	E	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		COMETIDOS ESPECIAIS	
SUPERINTENDENTE POLICIA LOCAL	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		POLICIA LOCAL	SUP. INTEND.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/10/2015 12:47

Páxina 2 de 4

Expediente 26872/220

Código de verificación: 2CEE3-5E52C-48B55-D2AB8

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

INTENDENTE	2	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS	POLICIA LOCAL	OFICIAL
INSPECTOR/A PRINCIPAL POLICIA LOCAL	4	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS	POLICIA LOCAL	INSP.PRINC.
INSPECTOR/A POLICIA LOCAL	15	A2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS	POLICIA LOCAL	NSPECTOR
OFICIAL POLICIA LOCAL	34	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS	POLICIA LOCAL	OFICIAL
POLICIA LOCAL	346	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS	POLICIA LOCAL	POLICÍA

DENOMINACION DA PRAZA	NUMERO PRAZAS (1)	GRUPO (1)	ESCALA (2)	SUBESCALA (2)	CLASE (2)	CATEGORÍA (2)
OFICIAL EXTINCION INCENDIOS	1	A1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		EXTINCION DE INCENDIOS	OFICIAL
SUBOFICIAL EXTINCION INCENDIOS	4	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		EXTINCION DE INCENDIOS	SUBOFICIAL
SARXENTO EXTINCION INCENDIOS	2	C1	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		EXTINCION DE INCENDIOS	SARXENTO
CABO EXTINCION INCENDIOS	16	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		EXTINCION DE INCENDIOS	CABO
CONDUCTOR/A-BOMBEIRO/A	39	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		EXTINCION DE INCENDIOS	CONDUCTOR
BOMBEIRO/A	80	C2	ADMINISTRACION ESPECIAL SERVICIOS ESPECIAIS		EXTINCION DE INCENDIOS	BOMBEIRO

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACION DO POSTO DE TRABALLO	NUMERO	TITULACION	ESIXIDA
DIRECTOR DE REXIME INTERIOR	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A1
VETERINARIO	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A1
CONSERVADOR	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2
TÉCNICO EDUCACIÓN FÍSICA	3	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A1
DIRECTOR	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A1
PROFESOR LINGUAS COMUNIDADE AUTÓNOMA	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A1
TECNICO CONSERVAT.MUSICA TRAD.POPULAR GALEGA	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A1
TECNICO/A MEDIO BIBLIOTECAS	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2
MESTRE OFICIOS	3	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2
COORDINADOR/A DPTO. EDUCACION	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2
TECNICO/A MEDIO/A EDUCACION FÍSICA	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2
MESTRE FORMACIÓN	10	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
TECNICO/A MANTENIMENTO SISTEMAS INFORMÁTICOS	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
ADXUNTO COORDENADOR	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
ENCARGADO XERAL	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
CAPATAZ	11	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
AUXILIAR BIBLIOTECAS	1	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
OFICIAL	243	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
AXUDANTE	54	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E
OPERARIO/A	23	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E
ADMINISTRATIVO (A EXTINGUIR)	6	A	PROPIA DOS FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (A EXTINGUIR)	27	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS	6	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
ORDENANZA	4	A	PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E

C) PERSOAL EVENTUAL

DENOMINACION DO POSTO DE TRABALLO	NUMERO
DIRECTOR/A GABINETE TECNICO DA ALCALDIA	1
SECRETARIO/A PARTICULAR ALCALDIA	1
DIRECTOR/A PRENSA ALCALDIA	1



ASESOR/A ALCALDIA	8
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A EVENTUAL	6

TOTAL CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL EXERCICIO DE 2016: 1459 PERSOAS

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O TECNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DE RR.HH.- Ezequiel Fernández Carpintero
A TÉCNICA DE AVALIACIÓN E FORMACIÓN DE RR.HH.- Sonia Estrada Ibáñez



RECURSOS HUMANOS

INFORME DA XEFATURA DO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS AO CAPÍTULO I DE GASTOS DO PROXECTO DE ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2016 (EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO Nº 26.872/220)

En relación ao proxecto de orzamentos municipais para o exercicio económico 2016, e con especial referencia ao Capítulo I dos mesmos -relativo ás dotacións orzamentarias correspondentes aos gastos de persoal- pola funcionaria suscribinte emíttese o presente informe no marco da tramitación administrativa do expediente nº 26.872/220, iniciado mediante instrucción do servizo do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 01/09/2015, de carácter urgente.

Os **documentos** dos que se dispón para a emisión do presente informe, e que figuran tanto no expediente electrónico como no expediente en formato papel, son os seguintes:

1.- Instrucción do servizo do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 01/09/2015 ordenando a incoación do expediente administrativo, e solicitude de informe técnico de 02/09/2015.

2.- Borrador técnico-informe sobre o Anteprojecto do Capítulo I do Orzamento de gastos para o ano 2016, emitido en data 15/10/2015, e rubricado polos Técnicos de Avaliación e Formación e de Planificación e Organización, recollendo a cuantificación económica desglosada por partidas orzamentarias dos gastos de persoal previstos en canto ao Capítulo I para o exercicio económico 2016, estimadas nun montante total de **64.055.638,19 euros**.

3.- Acta da Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 13/10/2015 entre o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e os sindicatos con representación no Concello de Vigo, ao abeiro do disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no cal se establece a obriga de someter a negociación colectiva, entre outras materias, a aplicación do incremento das retribucións do personal ao servizo das Administracións Públicas que se estableza na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e das Comunidades Autónomas, a determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios e as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos (apartado 1, letras a), b) e c) do dito precepto).

4.- Documento económico-contable extraído o 14/10/2015 da aplicación informática de simulación orzamentaria para o exercicio 2016, desglosado por servizos ou unidades administrativas.

5.- Informe técnico sobre o documento orzamentario do Capítulo I de gastos para o exercicio 2016, emitido o 15/10/2015.

6.- Resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de 01/10/2015 acordando a tramitación de expediente para a supresión dos organismos



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 15/10/2015 12:47	Páxina 1 de 28
Expediente 26872/220	Código de verificación: 2EE33-2E52B-44BB5-A33B5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

autónomos municipais Vigozoo, Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) e Instituto Municipal de Deportes (IMD).

A diferenza do que xa se sinalou en anteriores informes ao Capítulo I dos Orzamentos Municipais -concretamente nos informes ao Capítulo I dos Orzamentos Municipais para os exercicios económicos 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012¹- cómpre salientar que o documento orzamentario do Capítulo I obxecto do presente informe resposta fundamentalmente ao marco legal de contención de gasto público e de control dos gastos de persoal ao servizo do sector público, integrado fundamentalmente pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, así como polas previsións do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, en fase de tramitación parlamentaria; contexto que debe ser considerado na óptica da recuperación e consolidación económica, orzamentaria e fiscal definida pola Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e cuxa evolución se detalla no Informe trimestral sobre a economía española² correspondente ao mes de setembro do 2015, elaborado polo Banco de España (BDE), que resulta de grande interese para comprender o singular contexto económico no cal se atopa o sector público.

En consecuencia, e sempre nos termos da documentación entregada e dispoñible na data de emisión do presente informe, o Capítulo I do proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2016 en relación aos gastos de persoal estrutúrase no xeito descrito a continuación:

I. Retribucións do persoal municipal:

No documento se consigna unha contía global de **45.676.036,28 euros** (partida 1) abrangendo a mesma as retribucións básicas dos funcionarios (soldo base en 14 pagas³ e antigüidade) e complementarias (complemento de destino, complemento específico) que debe respetar en todo caso os límites ao incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público recollida no Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016⁴, en cuxo artigo 19. Dos, epígrafe "Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público", contempla expresamente un incremento global dun 1%, a diferenza de exercicios anteriores, indicando que:

"En el año 2016, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 1 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2015, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo".

¹ Exercicios económicos nos que os acordos froito da negociación colectiva atopaban o seu reflexo no documento económico-contable do Capítulo I.

² Documento incluído no Boletín Económico correspondente ao mes de setembro do 2015, dispoñible na web do Banco de España, www.bde.es

³ O proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 contempla para o presente exercicio **dúas pagas extraordinarias**, a devengar nos meses de xuño e decembro, contemplando análoga situación a existente con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

⁴ Documentación dispoñible na web www.congreso.es



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/10/2015 12:47

Páxina 2 de 28

Expediente 26872/220

Código de verificación: 2EE33-2E52B-44BB5-A33B5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

En igual senso, dentro da mesma partida 1, e debendo obrigatoriamente respetar o incremento cero consignado no apartado Catro do mesmo artigo 19, contémpanse as retribucións do persoal laboral fixo, cuantificadas nun importe total de 9.511.587,48 euros.

A este respecto, debe considerarse a inminente integración do persoal procedente da supresión dos organismos autónomos municipais Vigozoo, Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) e Instituto Municipal de Deportes (IMD) que por sucesión empresarial pasará a integrarse na plantilla municipal do Concello de Vigo, nos termos da Resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de 01/10/2015 acordando a tramitación de expediente para a supresión dos organismos autónomos municipais.

Déixase constancia expresa de que o dito persoal deberá integrarse xurídica e orzamentariamente en idénticos termos, condicións e con idénticas categorías profesionais ás existentes, sen prexuízo dos procedementos administrativos que resulten necesarios para a reordenación do mesmo no ámbito organizacional do Concello de Vigo dende a óptica da planificación e xestión de recursos humanos; procedementos que necesitarán do estudo, avaliación e implementación por parte das xefaturas de recursos humanos, asesoría xurídica e da Intervención Xeral Municipal coa finalidade de acadar a máxima seguridade xurídica no resultado.

A efectos de elaboración do borrador técnico de Capítulo I de gastos obxecto de tramitación, debe indicarse que o persoal técnico do Servizo de Recursos Humanos ten seguido as directrices proporcionadas pola xefatura do Servizo de Contabilidade, encargada da elaboración do documento de Proxecto de Orzamentos Municipais, en canto á necesidade de inclusión dos custes derivados da asunción do persoal procedente dos organismos autónomos municipais IMD, Vigozoo e EMAO en proceso de supresión.

As dotacións orzamentarias consignadas para o persoal eventual -cuxo número é réxime corresponde determinar á Xunta de Goberno Local ex artigo 127. 1. h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nos termos e condicións da configuración efectuada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local- ascenden a un importe total de **529.687,62 euros**.

Debe lembrarse que este precepto ten carácter básico, como así salienta o apartado Once do proxecto de lei analizado, en idéntica liña ás sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, dado que se dicta ao abeiro do título competencial atributivo de competencia exclusiva do Estado consignado no artigo 149.1.13ª (bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica) e 156.1 (principios de autonomía financeira das facendas autonómicas, coordinación e solidariedade) da Constitución de 1978, así como do articulado da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Polo que respecta ás contías destinadas a facer fronte ás retribucións complementarias de carácter fixo e periódico (complemento de destino e complemento específico) o artigo 23. Uno da mesma norma, en canto ao réxime retributivo dos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, nos termos do previsto na Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de



abril, contempla nos seus apartados C) e D) é o complemento específico que no seu caso esté asignado ao posto de traballo que se desenvolva, cuxa contía anual, sen prexuízo do previsto no artigo 19, apartado Sete poderá experimentar unicamente un incremento do 1% respecto das aprobadas a 31 de decembro do 2015. Pola súa banda, o complemento de destino deberá axustarse ás táboas de niveis ou intervalos legalmente establecidas ao efecto, en función do posto de traballo desempeñado, consignadas no artigo 23. Un, apartado C).

A previsión legal do incremento retributivo do 1% no ámbito do emprego público debe ser contextualizada no marco da incipiente recuperación económica e da mellora do estado financeiro das entidades locais, a diferenza das previsións contidas na lexislación orzamentaria correspondente a anos anteriores.

As partidas orzamentarias de gratificacións e de produtividade figuran dotadas respectivamente cunhas contías de 500.000 euros e 500.000 euros respectivamente, e, se ben resulta superior á do anterior exercicio 2014, nos termos do informe técnico emitido o 15/10/2015, deberá ser suficiente para afrontar as obrigas contraídas co persoal municipal coas condicións e alcance indicados, sen prexuízo do cal efectúanse idénticas recomendacións en materia de xestión retributiva e medidas de mellora ás contidas nos informes ao Capítulo I dos Orzamentos emitidos por esta Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en relación aos exercicios económicos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 e 2014 (fomento da mobilidade interdepartamental e da rotación do persoal ao servizo da Administración Municipal; reasignación de efectivos, reconfiguración e reorganización do funcionamento e dinámicas de traballo dos servizo e unidades, realizando os correspondentes estudos de avaliación de necesidades, establecendo indicadores obxectivos e estándares de tolerancia que permitan a análise e reorientación as cargas de traballo, aos efectos de evitar infradotacións ou superdotacións de efectivos; capacitación, actualización e formación permanente dos efectivos en función do subgrupo de titulación, desempeño efectivo de funcións de carácter directivo ou predirectivo; nivel de responsabilidade inherente ao posto de traballo, funcións propias do mesmo, capacidades e competencias, nos termos do establecido nos artigos 14.g) e 52 a 54 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, etc).

A tal efecto, e en canto á execución orzamentaria levada a cabo durante o presente 2015, efectuase unha remisión expresa ao informe técnico de data 15/10/2015 incorporado ao presente expediente administrativo.

Polo que respecta á xestión dos devengos retributivos en materia de gratificacións e de produtividade, efectúase unha remisión expresa aos informes emitidos aos Capítulos I dos Orzamentos correspondentes aos exercicios 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014, sen prexuízo de que as Bases de Execución dos orzamentos municipais para o vixente exercicio (2014 en situación de prórroga) expresamente contemplan o recurso ás modificacións orzamentarias dentro do Capítulo I nos termos do disposto no Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, debendo en calquera caso lembrar aos diferentes servizos administrativos a recomendación da necesidade de contención do gasto en ambos conceptos, así como en relación as indemnizacións por razón do servizo xeneradas pola utilización de vehículos particulares e amparadas polo Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por Razón do Servizo, nos termos das observacións contidas en informe técnico de data 15/10/2015 xa referido.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/10/2015 12:47

Páxina 4 de 28

Expediente 26872/220

Código de verificación: 2EE33-2E52B-44BB5-A33B5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Nembargantes o antedito, debe salientarse que a Xunta de Goberno Local, en acordo de data 09/03/2012, aprobou as "INSTRUCCIÓNS DE APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NO REAL DECRETO-LEI 20/2011, DE 30 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA ORZAMENTARIA, TRIBUTARIA E FINANCEIRA PARA A CORRECCIÓN DO DÉFICIT PÚBLICO, EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE VIGO" (expediente administrativo nº 22902/220) que permitiron efectuar unha notable mellora na xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto, contrastándose unha notable redución do gasto medio por servizo no que atinxe ás gratificacións, sendo urxente e necesario, unha vez se produza a entrada en vigor da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016, efectuar a súa adaptación ás previsións do marco legal actualmente vixente.

Polo que respecta ao control do gasto en materia de produtividade, e sen prexuízo da necesidade de reorientación por parte dos responsables dos servizos administrativos do desempeño de funcións de categoría superior e dos supostos de acumulación temporal de dous postos de traballo, debe sinalarse, polo que respecta á xestión do sistema de reforzos dos efectivos adscritos ao Corpo de Policía Local, a aprobación dun Programa de Reforzos, destiando a xestionar as incidencias retributivas derivadas das necesidades de prestación do servizo policial e de garantía da seguridade cidadá, que sen dúbida permite unha mellora no control das incidencias do servizo, así como do gasto estimado, en relación con exercicios económicos anteriores.

Resulta especialmente relevante salientar nestes aspectos a colaboración e cooperación da Intervención Xeral Municipal na procura e articulación de mecanismos de mellora na xestión económica do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais.

Como conclusión ao antedito, e en coherencia cos informes emitidos aos últimos 7 exercicios orzamentarios, debe indicarse que o Servizo de Recursos Humanos responsabilizarase da xestión dos citados créditos sempre en tanto que se respeten os contidos establecidos do citado informe técnico de data 15/10/2015, o que necesariamente demandará a implicación dos órganos municipais competentes na xestión económico-financeira en relación coas retribucións do persoal municipal (Xunta de Goberno Local en canto á aprobación de retribucións e xestión do persoal municipal; Alcaldía-Presidencia en canto á autorización de transferencias de crédito en materia de gastos de persoal; Pleno en canto á autorización do incremento da contía máxima das partidas orzamentarias de produtividade e gratificacións, e das correspondentes Concellerías-delegadas das Áreas en canto á sinatura e conformidade coa prestación dos servizos polos efectivos ao seu cargo).

Os esquemas e supostos de devengo retributivo deberán ser revisados en función da normativa de desenvolvemento do réxime retributivo dos empregados/as públicos contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, pendente de elaboración e conseguinte aprobación por parte do lexislador estatal.

De calquera xeito, as indicacións contidas no informe dos técnicos de 15/10/2015 resultan de necesaria observancia no que respecta ás contías aboadas ao longo de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/10/2015 12:47

Páxina 5 de 28

Expediente 26872/220

Código de verificación: 2EE33-2E52B-44BB5-A33B5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

exercicios anteriores e á evolución do gasto en cada unha das aplicacións orzamentarias concretas e demais aspectos xerais de xestión económica dos gastos de persoal que resultan aplicables á data de hoxe.

II. Cotizacións á Seguridade Social:

A cantidade total prevista é de 13.312.066,95 euros, tanto do persoal municipal como dos cargos electos locais, figurando en outra aplicación orzamentaria específica os seguros sociais do persoal contratado ao abeiro dos plans de emprego (plans municipais ou plans de cooperación con outras Administracións Públicas territoriais e/ou institucións supranacionais)

Deberán preverse contías suficientes para facer fronte á totalidade das obrigas que neste concepto estén recoñecidas ou orzamentadas -entre elas, as derivadas de eventuais adecuacións retributivas- e debe terse en conta o sistema de pagamento con posterior regularización ("sistema de relación contable") implementado pola Tesourería Municipal ao longo do ano 2009, a fin de obter o abono dunha contía fixa mensual. Dito convenio non foi formalizado por este Servizo de Recursos Humanos, sen prexuízo do cal, e sempre que se estime necesario polos servizos económicos, entendemos procedería avaliar a necesidade de revisión do mesmo -a proposta do servizo formalizador do convenio en cuestión e sempre que resulte posible dende a óptica orzamentaria, contable e relativa ás obrigas do pagador- toda vez que, na regularización anual correspondente ao exercicio económico 2012, xenerouse un saldo favorable ao Concello de Vigo que non resultou susceptible de revertir na aplicación orzamentaria de Seguridade Social, debido ás limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, como se comunicou no seu día pola Intervención Xeral Municipal.

Das anteriores circunstancias deuse traslado aos Servizos Económicos en data 18/11/2013, aos efectos oportunos, manifestándose a nosa total disposición no Servizo de Recursos Humanos á colaboración na materia.

Similar situación xenerouse no exercicio 2014, motivo polo cal continúa sendo unha prioridade a revisión do convenio existente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, a fin de reacionalzariar o gasto en dito concepto.

Na xestión dos gastos en materia de Seguridade Social debe considerarse o impacto das incidencias relativas ao persoal laboral indefinido por sentenza xudicial firme -pendente da obrigada regularización- e os avatares suscitados na tramitación administrativa relativa á execución das resolucións xudiciais correspondentes, que xeneran sen dúbida distorsións na xestión orzamentaria da aplicación orzamentaria indicada; aplicación que, en calquera caso, deberá estar suficientemente dotada para o afrontamento dos gastos que en tal concepto se devenguen, nos termos do sinalado no informe técnico de data 15/10/2015 e de anteriores informes ao Capítulo I de anteriores exercicios.

Igualmente, debe considerarse especialmente que o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, recolle a posibilidade de realización de aportacións a plans de pensións e contratos de seguro colectivos que inclúan a continxencia de xubilación, en determinados supostos e supeditados ao cumprimento de determinados requisitos, ao igual que xa contemplaba a LPGE actualmente vixente.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/10/2015 12:47

Páxina 6 de 28

Expediente 26872/220

Código de verificación: 2EE33-2E52B-44BB5-A33B5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Así o artigo 19, apartado Tres, do proxecto de Lei contempla expresamente que:

"Durante el ejercicio 2016, las Administraciones, entidades y sociedades a que se refiere el apartado Uno de este artículo no podrán realizar aportaciones a planes de pensiones de empleo o contratos de seguro colectivos que incluyan la cobertura de la contingencia de jubilación. (...)"

No obstante lo dispuesto en el párrafo anterior y siempre que no se produzca incremento de la masa salarial de la administración de referencia, en los términos que establece la presente Ley, las citadas Administraciones, entidades y sociedades podrán realizar contratos de seguro colectivo que incluyan la cobertura de contingencias distintas a la de jubilación. Asimismo, y siempre que no se produzca incremento de la masa salarial de dicha Administración, en los términos que establece la presente Ley, podrán realizar aportaciones a planes de pensiones de empleo o contratos de seguro colectivo que incluyan la cobertura de la contingencia de jubilación, siempre que los citados planes o contratos de seguro hubieran sido suscritos con anterioridad al 31 de diciembre de 2011."

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 07/03/2014 (expediente administrativo nº 24.810/220) acordou no seu día a reanudación das aportacións ao plan de pensións constituído, ao cumprirse os requisitos legais que a tal efecto contempla o artigo anteriormente transcrito.

Como consecuencia do anterior, debe considerarse especialmente que actualmente, as aportacións a plans de pensións están incluídas na base de cotización, de conformidade co establecido no artigo 109 do Real Decreto-Lei 16/2013, de 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empleabilidade dos traballadores, producindo un incremento da mesma. A este respecto, a Comisión Xestora do Plan de Pensións acordou, segundo consta no acordo transcrito nos antecedentes, o prorrateo por mensualidades das cotas extras achegadas polo empregador nos meses de xuño de decembro de cada ano, aos efectos de imputación na base de cotización á Seguridade Social, a efectos do cal deberán ser suficientes as dotacións económicas da partida orzamentaria de Seguridade Social, de xeito tal que sexa posible cumprir coas obrigas legais na materia.

Como novidade legal indícase que o vindeiro 31/12/2015 se producirá a finalización da obriga de cotización adicional derivada dos custes de integración no réxime xeral da Seguridade Social dos funcionarios da administración Local, nos termos do establecido no Real Decreto-Lei 12/1995, de 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, en cuxo artigo 41 contéplase que:

"Como compensación económica de los costes de integración en el Régimen General de la Seguridad Social del personal incluido en el campo de aplicación del Régimen General de la Seguridad Social de los funcionarios de la Administración Local, además de la prevista en el artículo 4 del Real Decreto 480/1993, de 2 de abril, se efectuará durante veinte años contados a partir del 1 de enero de 1996, una aportación equivalente a cotizar por un tipo adicional del 8,20 por 100 por el personal que, en 31 de marzo de 1993, se hallaba incluido como activo en el campo de aplicación dicho Régimen General".



III.- Complemento de pensións no suposto de xubilacións:

Ao igual que no anterior exercicio económico, e a fin de facer fronte ás situacións preexistentes que traían causa de actos firmes e executivos consígnase un importe de 5.469,44 euros, que nada teñen que ver con aquelas previsións económicas recollidas en anteriores orzamentos municipais denominadas "complemento de pensións do persoal xubilado do Concello de Vigo", dado que a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 29/05/2006, acordou non continua-la aplicación do complemento de pensións a favor do persoal municipal xubilado acordado polo Pleno en sesión de data 31/08/1994, en aplicación do previsto no Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, aprobatorio do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL) en cuxa Disposición Adicional se reproduce o contido da Lei 11/1960, de creación da MUNPAL; a pesares de ter sido suprimida a dita Mutualidade, a disposición adicional cuarta, apartado 2 da devandita Lei 11/1960 -que goza de vixencia normativa plena en virtude da disposición derogatoria única do Real Decreto 480/1993, do 2 de abril, resultando consecuentemente de aplicación- consigna expresamente que "*as Corporacións Locais non poderán no sucesivo conceder aportacións, subvencións ou axudas de calquera xénero para fins de previsión dos seus funcionarios. Serán nulos os créditos que se concedan con infracción deste precepto e o seu pago xenerará as responsabilidades pertinentes.*"

IV. Aboamento de incapacidade temporal durante a tramitación da incapacidade definitiva: prevese un importe de 1.000,00 euros, como no anterior exercicio 2014 (vixente en 2015 dada a situación de prórroga orzamentaria).

V. Retribucións dos membros da Corporación: Ben en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, recóllense en contía final de 1.088.227,88 euros, idéntica á do exercicio 2014 (vixente en 2015 dada a situación de prórroga orzamentaria).

VI. Fomento do emprego:

Consígnanse diversas contías para facer fronte á contratación laboral temporal con cargo á actividade de fomento do emprego, á reserva por xubilación anticipada, aos plans de emprego e outros conceptos correlativos, por unha contía de 1.922.634,15 euros.

En canto á reserva para xubilación anticipada, dotada con 42.634,15 euros (fronte aos 17.000 euros do exercicio 2014) tal e como este Servizo informou en data 31/03/2014 (expediente administrativo nº 24.854/220) deberá ser definido pola Comisión de Segemento e Interpretación do Convenio (CPIC) un criterio neste aspecto, á luz do marco legal vixente, que permita resolver as solicitudes pendentes, evitando pronunciamentos xudiciais desfavorables ao Concello de Vigo derivados do silencio administrativo positivo.

Polo que respecta á concreta partida orzamentaria denominada "outras modalidades de contratación laboral temporal", unha dotación de 380.000,00 euros fronte aos 151.064,64 euros dos exercicios 2014 e 2013-incluíndo as cotizacións empresariais á Seguridade Social-; e considerando a dificultade de conter o recurso ao nomeamento de persoal funcionario interino ou laboral temporal, debe manifestarse que segue a considerarse ,a pesar do incremento, insuficiente, de manterse o volume actual de contratación temporal e/ou



nomeamento de funcionarios/as interinos/as por calquera das modalidades legalmente previstas na lexislación vixente, sempre en tanto se motive a necesidade e oportunidade de selección e nomeamento do mesmo.

Como se salientou no informe ao Capítulo I dos orzamentos Municipais para os anos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014, durante o ano 2007 o gasto en contratos laborais temporais chegou a ser de máis de 700.000 euros, cando a dita partida estaba dotada con 60.000 euros; no ano 2008 a situación foi similar, ao igual que no exercicio 2009; téndose salientado tal incidencia nos informes ao Capítulo I do proxecto de Orzamentos Municipais para os exercicios económicos 2008 e 2009 que non debería repetirse a situación, que obriga a dar operatividade á vinculación xurídica dos créditos do Capítulo I.

En resposta ao salientado ao longo dos informes emitidos aos exercicios orzamentarios 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014, por primeira vez contéplase unha partida específica na cal -a efectos de imputación do gasto- se da cabida aos funcionarios interinos por acumulación de tarefas e aos funcionarios interinos para a execución dos plans e programas de carácter temporal, figuras suxeitas ao Dereito Administrativo consignadas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que en modo algún se atopan suxeitos á lexislación laboral, nin nada teñen que ver coa mesma, ao constituir o vínculo xurídico das mesmas unha relación de suxeición especial rexida polo Dereito Administrativo.

A este respecto, e debido a que o nivel de gasto en tal concepto mantívose no ano 2014 e no tempo transcorrido do presente 2015 en condicións similares a exercicios anteriores, efectúase unha remisión expresa ao informe técnico de data 15/10/2015, emitido pola Técnica de Avaliación de Formación e Técnico de Planificación e Organización no marco da tramitación do presente expediente administrativo, e no cal se contempla literalmente que:

“En data 01/09/2015, o Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal e Persoal ordea que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda á tramitación de expediente administrativo tendente á elaboración, no contexto do marco legal vixente, dun borrador técnico de proxecto de Capítulo I de gastos en materia de persoal, que deberá incluír os informes técnicos necesarios, xunto con aqueles procedentes, aos efectos da súa remisión á unidade responsable da formación do Proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio 2016.

Deste xeito, o técnico de Organización e Planificación de RR.HH procedeu a elaboración do anteproxecto do Capítulo I do orzamentos de gastos para o ano 2016, dacordo coas instrucións recibidas do Concelleiro Delegado, en base as seguintes liñas de actuación:

Actualización das diferentes partidas orzamentarias correspondentes a soldo, antigüidade, retribucións complementarias e, Seguridade Social cuota empresarial do personal que integra a Relación de Postos de Traballo deste Concello.

Incremento do crédito inicial da aplicación orzamentaria 9200.150.00.00 (Productividade), ata un máximo de 500.000, 00€.

Actualización do crédito inicial da aplicación orzamentaria 9120.160.00.00



(Seguridade Social Organos de Goberno),

Integración no orzamento do Concello dos créditos correspondentes as aplicacións orzamentarias do capítulos I de gastos dos Organismos autónomos EMAO, VIGOZOO e IMD, como consecuencia da súa integración no Cadro de persoal municipal.

Dotar a aplicación orzamentaria 920.0.1210300 "Fondo de adecuación retributiva" do crédito suficiente aos efectos da realización, no caso de ser necesario, das modificacións puntuais dos postos contidos na R.P.T.

Incrementar os créditos iniciais da aplicación orzamentaria 920.0.1400000 ata un máximo de 380.000,00€ que permitan paliar o déficit de medios humanos existentes no Cadro de Persoal, dado o elevado número de postos vacantes (250 postos nunha plantilla de 1459, una vez integrado o persoal dos O.A.M. citados no apartado d)).

Dacordo coas referidas instrucións, procedeuse a elaboración do Anteproxecto do Capítulo I do Orzamento de Gastos para o ano 2016, que recolle os 18 apartados relacionados a continuación por un importe total de **64.055.638,19€**.

PART.	CONCEPTO	IMPORTE	TOTAIS
1	RETRIBUCIÓNS PERSOAL		
	Soldo Funcionarios (1)	10.886.936,92	
	Antigüidade	2.401.156,54	
	Retribucións complementarias (1)	21.346.667,72	
	Retribucións persoal laboral (1)	9.511.587,48	
	Grao persoal	0,00	
	Persoal eventual	529.687,62	
	Productividade	500.000,00	
	Gratificacións	500.000,00	
	SUBTOTAL		45.676.036,28 €
2	SEGUROS SOCIAIS		
	Seguridade Social cargo Empresa	13.161.158,75	
	Seguridade Social Organos de Goberno	150.908,20	
	SUBTOTAL (5)		13.312.066,95 €
3	COMPLEMENTO DE PENSIÓNS		
	Complemento de pensións por xubilacións	5.469,44	
	SUBTOTAL		5.469,44 €
4	ABONO INCAPAC. TEMP. DURACIÓN TRAM. INVALIDEZ		
	abono incapac. Temp. Duración tram. Invalidez	1.000,00	
	SUBTOTAL		1.000,00 €
5	RETRIBUCIÓNS MEMBROS CORPORACIÓN		
	Membros corporación dedicación exclusiva	975.763,88	
	Membros corporación dedicación parcial	112.464,00	
	SUBTOTAL		1.088.227,88 €



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/10/2015 12:47

Páxina 10 de 28

Expediente 26872/220

Código de verificación: 2EE33-2E52B-44BB5-A33B5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

PART.	CONCEPTO	IMPORTE	TOTAIS
6	FOMENTO DO EMPREGO		
	Reserva para xubilación anticipada	40.134,15	
	Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente	380.000,00	
	Plan de emprego (incluído custe seguridade social a cargo Empresa)	1.500.000,00	
	SUBTOTAL		1.920.134,15 €
7	FONDO SOCIAL (ART. 30 Acordo Regulador)	331.506,05	
	SUBTOTAL		331.506,05 €
8	PLAN DE PENSÍONS (Disp. Transitoria 6ª acordo regulador) (7)	553.115,76	
	SUBTOTAL		553.115,76 €
9	FORMACIÓN DO PERSOAL		
	Formación do persoal municipal	40.010,36	
	SUBTOTAL		40.010,36 €
10	SEGURO COLECTIVO VIDA E ACCIDENTES	163.000,00	
	SUBTOTAL		163.000,00 €
11	ART. 34 ACORDO REGULADOR (Fins culturais/deportivos)	6.010,12	
	SUBTOTAL		6.010,12 €
12	ART. 35 E 37 ACORDO REGULADOR (Cobertura contixencias especiais)		
	Asistencia médico sanitaria no estranxeiro	601,01	
	Seguro accidentes vehículos municipais	1.803,04	
	Seguro carnet conducir conductores	1.095,96	
	SUBTOTAL		3.500,01 €
13	INDEMNIZACIÓNS POR SENTENCIAS XUDICIAIS OU RESOLUCIÓNS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS		
	Persoal funcionario, laboral e eventual	65.000,00	
	SUBTOTAL		65.000,00 €
14	ASISTENCIA MÉDICA PERSOAL		
	Vixiancia saúde (P.R.L.)	155.281,06	
	Asistencia médica "mergullo" Servicio Extinción de Incendios	1.854,00	
	SUBTOTAL		157.135,06 €
15	FONDO REGULARIZACION RETRIBUCIONES		
	Fondo adecuación retributiva 2016	220.000,00	
	SUBTOTAL		220.000,00 €
16	OUTROS CONCEPTOS ESCOLA DE ARTES E OFICIOS		
	Adecuación Postos Traballo EMAO	21.207,37	
	Outras remuneracións EMAO	0,00	



PART.	CONCEPTO	IMPORTE	TOTAIS
	Retribucións básicas interino s plaza EMAO	26.105,02	
	Retribucións compl. Complemento destino int s plaza EMAO	16.143,38	
	Retribucións compl. Complemento específico int s plaza EMAO	21.309,36	
	Póliza seguro vida EMAO	1.211,00	
	Formación e perfeccionamento persoal EMAO	1.500,00	
	SUBTOTAL		87.476,13
			€
17	OUTROS CONCEPTOS VIGO-ZOO		
	Recargo festividade VIGO ZOO	19.000,00	
	Outras remuneracións VIGO ZOO	4.000,00	
	Formación e perfeccionamento persoal VIGO ZOO	3.000,00	
	Póliza seguro vida VIGO ZOO	4.950,00	
	SUBTOTAL		30.950,00
			€
18	OUTROS CONCEPTOS IMD		
	Horas extraordinarias IMD	1.000,00	
	Festividade e nocturnidade IMD	50.000,00	
	Productividade e gratificacións IMD	35.000,00	
	Persoal laboral indefinido IMD	239.000,00	
	Persoal laboral temporal retribucións IMD	50.000,00	
	Formación e perfeccionamento persoal IMD	12.000,00	
	Póliza seguro vida IMD	8.000,00	
	SUBTOTAL		395.000,00
			€
	TOTAL		64.055.638,19
			€

O anteproxecto do Capítulo I do orzamento de Gastos para 2016 realízase tendo en conta a necesidade de dar cumprimento ao obxectivo da estabilidade orzamentaria e regra de gasto contidas na Ley Orgánica 2/2012, de Estabilidad Presupuestaria e Sostenibilidade Financiera así como no previsto no Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016, no que se contempla (art. 19 apartado 2) que as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderan experimentar un incremento global superior ao 1% respecto ao vixente a 31 de decembro de 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como a antigüedad do mesmo.

Unha vez realizadas as modificacións e axustes no documento económico os técnicos de organización e, planificación e avaliación e formación de RR.HH, que subscriben o presente informe fan constar que:

1. Aplicación 920.0.140.00.00

No anteproxecto do Capítulo I do orzamento de gastos contéplase un crédito inicial de 380.000,00€.




Modifícase a denominación da partida, pasando a llamarse “Outras modalidades de nomeamento persoal temporal non permanente”, mais acorde a súa finalidade.

O gasto da referida partida ven experimentando un importante incremento, dado o elevado número de vacantes existentes, o que fai imprescindible o nomeamento de persoal interino por acumulacion de tarefas, a fin de garantir a correcta prestación do servizo público.

Evolución do gasto

2011	2012	2013	2014	2015
1362204,57 €	1309513,02 €	1676394,94 €	1.738.812,96 €	1.800.000,00 € (Estimado)



Segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 así como a previsión contemplada no anteproxecto de lei de orzamentos xerais para o Estado para o vindeiro ano 2016, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en **casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables** que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, dada Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 15/10/2015 12:47	Páxina 13 de 28
Expediente 26872/220	Código de verificación: 2EE33-2E52B-44BB5-A33B5	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como **servizos e sectores prioritarios** no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá **en todo caso, como competencias propias**, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

- a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.
- b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.
- c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.
- g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.
- h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.
- j) Protección da salubridade pública.
- k) Cemiterios e actividades funerarias.
- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- n) Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios paraa construción de novos centros docentes. A conservación,



mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos **servizos obrigatorios** contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

- a) *En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- b) *Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- c) *Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- d) *Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

O recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal-realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados **aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal**, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

1. *Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
2. *Intervención Xeral Municipal.*
3. *Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
4. *Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*



5. *Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
6. *Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
7. *Recursos Humanos.*
8. *Administración Electrónica.*

Ainda que o nomeamento de persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizárase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, debido ao elevado número de vacantes existentes, o importe do gasto realizado na aplicación orzamentaria 920.0.1400000 "outras modalidades de contratación temporal" vense incrementando ano tras ano.

Ao longo do ano 2016 se prevee un incremento de nomeamentos interinos por acumulación de tarefas ao verse incrementadas as necesidades dos Servizos Municipais polo maior número de vacantes e outras necesidades habituais, ao que é necesario engadir o custo de 17 traballadores municipais declarados indefinidos por sentenza xudicial firme, e que supón un gasto anual que ascende aprox. de 582.037,28 € (non incluídos custos seguridade social a cargo da empresa).

2. Aplicación 920.0.141.00.00

En relación coa partida partida 920.0.1410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais", propónse un crédito inicial de 65.000,00 € fronte aos 50.000,00€ do pasado exercicio, sinalando que a data de hoxe o gasto executado ascende a 74.019,18 €.

3. Aplicación 920.0.151.00.00

O crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capítulo I de gastos do Orzamento 2016 é de 500.000,00€.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos recollen que con cargo a partida de gratificacións por servizos extraordinarios aboaranse :

- Servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo*
- Os traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22,00 e 7,00 h. cun recargo por hora traballada de 2,72 €/hora.*
- Os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora traballada de 4,03 €/hora..*
- Persoal que traballe entre ás 22,00 horas do día 24 de decembro e ás 14,00 horas do día 25 de decembro e, no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro por necesidades do servizo, por un importe de 130,29 €/día, segundo a redacción dada no artº 16. B) a) do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao Servizo do Concello de Vigo e o acordo do Pleno da Corporación de 31 de marzo de 2006.*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 15/10/2015 12:47

Páxina 16 de 28

Expediente 26872/220

Código de verificación: 2EE33-2E52B-44BB5-A33B5

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>


- O persoal do Corpo da Policía Local que realice servizos de garda ou escolta de honor nas cerimoniais ou actos protocolarios nos que participe a Corporación como tal.
- Os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizadas fundamentalmente, en sabados, domingos e festivos.

A evolución do gasto dos derradeiros anos é :

Año	2010	2011	2012	2013	2014
151.0.00.00	2.206.231,26 €	1.825.167,86 €	1.460.875,30 €	1.472.177,68 €	1.448.358,36 €

Sendo a previsión que no ano 2015 se manteña a tendencia de gasto dos ultimos exercicios.

Distribución por conceptos



de xornada do persoal e a aplicación no vindeiro exercicio económico dos mesmos criterios nos servizos da Policía Local e Extinción de Incendios estímase un gasto para o ano 2016 non superior aos de 1.500.00,00€, tendo en conta a imposibilidade de redución do correspondente a festividade e nocturnidade e que supón un 68% do total do gasto.

4. Aplicación 920.0.150.00.00

O crédito inicial da partida 920.0.1500000 establécese nun importe de 500.000,00 € o que supón un incremento do 66% respecto dos orzamentos do exercicio 2014, prorrogados para o presente exercicio 2015.


Con cargo a dita partida estímase un gasto polo aboamento dos complementos de produtividade contemplados nas instrucións de plantilla de 80.000,00€ anuais, así



como o correspondente as encomendas de funcións, cantidade que suporía aprox 90.000,00€, no caso de manterse as vixentes a data de hoxe.

